

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 28 de febreiro de 2025

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta e cinco minutos do día vinte e oito de febreiro do ano dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asiste a deputada *Luisa María Sánchez Méndez*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Belén Cachafeiro Anta e María Sandra Bastos Míguez* e o deputado *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.34844.- ACTA ANTERIOR.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 21 de febreiro de 2025.

2.34845.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA PARA A EXECUCIÓN E A XUSTIFICACIÓN DO PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS (PEID). (Expte.2023068881)

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria do 15/12/2023, mediante o acordo núm. 2.33272 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 245, do 22/12/2023.

SEGUNDO.- As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2022).



TERCEIRO.- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2023009897 de data 22/12/2023 aprobouse a repartición do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local.

CUARTO.- A base 19ª das reguladoras establece que as actuacións deben estar executadas a 30/04/2025 e segundo a base 26ª, as devanditas actuacións deben ser xustificadas no prazo de cinco (5) meses dende a súa finalización, sen exceder do 30/09/2025. Non obstante, a data de hoxe, diversos concellos presentaron solicitudes de prórroga ante a previsible imposibilidade de cumprir cos mesmos.

QUINTO.- A consecuencia das incidencias expostas por estes, considérase a posibilidade legal de estender o prazo de execución e, consecuentemente, tamén o de xustificación, co fin de garantir que os concellos dispoñan do tempo suficiente para xestionar a realización das actuacións subvencionadas cumprindo coas cautelas impostas pola normativa vixente, xa que as novas circunstancias implican un horizonte temporal máis longo do que se podía prever na concesión inicial.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- Conforme se establece na base 2ª das reguladoras, as axudas que se arbitren a favor dos concellos rexeranse polo recollido nas propias bases. Con todo, para o non previsto nelas aplicaranse supletoriamente a LXS; o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e disposicións que a desenvolvan; a OXSDPPO; as bases de execución do orzamento provincial e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

O artigo 70 do RLXS (de aplicación supletoria) establece que, salvo precepto en contrario nas bases reguladoras, o órgano concedente da subvención poderá acordar unha ampliación do prazo de presentación da xustificación que non exceda a metade deste.

As condicións e o procedemento para a concesión da ampliación serán os establecidos no artigo 32 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP), que estipula que a ampliación, se as circunstancias así o aconsellan, deberá producirse antes do vencemento do prazo que se vai a ampliar, sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiras persoas e por un prazo que non exceda da metade do inicial.

A subvención que nos ocupa, segundo sinala a base 19ª das reguladoras, estende a execución ata o 30/04/2025 e a xustificación, segundo a base 26ª, ata o 30/09/2025 polo que debe entenderse que está vixente na actualidade.

Para computar os prazos que se van ampliar terase en conta o límite máximo de 6 meses previsto nas bases reguladoras, podendo deste modo ampliarse o prazo de execución ata o 31/10/2025 e o de xustificación ata o 31/03/2026.

Así mesmo, a prórroga non produciría indefensión, nin prexuízo algún aos concellos beneficiarios, dado que todos eles se benefician da ampliación dos prazos.



O artigo 70 do Regulamento da LXS remite ás normas do procedemento administrativo común, que esixen a motivación da ampliación de prazos. Queda recollido no expediente a concorrencia dos motivos que aconsellan esta ampliación, derivada de circunstancias sobrevidas e imprevisibles, como son, entre outras razóns, as dilación na obtención de licenzas ou permisos necesarios para a execución das actuacións, e que, en calquera caso, quedan fóra do control tanto da Deputación coma dos concellos.

SEGUNDO.- A finalidade do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas é permitir dispoñer aos concellos interesados financiamento para acometer actuación de modernización e mellora das infraestruturas deportivas xa existentes así como novas construcións. Búscase, con este Plan, axudar economicamente aos pequenos municipios a executar proxectos de obras de gran envergadura a fin de suplir as súas carencias en infraestruturas e dotacións deportivas, polo que a extinción do programa debe producirse no momento en que se realizou o investimento que fundamentou a concesión da axuda. Cómpre lembrar que, de acordo co artigo 8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), a xestión das subvencións debe acomodarse ao principio de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante. Deste modo a non autorización da prórroga da subvención podería ocasionar a execución incompleta e deficiente das actuacións incluídas no mesmo, o que iría en detrimento dos fins perseguidos co programa.

Neste sentido, circunstancias sobrevidas e imprevisibles e non imputables á actuación da Deputación e dos concellos beneficiarios están a producir retrasos na execución das obras incluídas no plan. Circunstancias, tales como: as demoras nas obtencións de autorizacións sectoriais, carencias no apartado de recursos humanos por tratarse de pequenos concellos, dificultades en atopar empresas que acometan os traballos por tratarse de obras con carácter moi específico, retrasos nos prazos de entrega de diferentes materiais e subministracións, licitacións que quedan desertas e, nalgúns casos, resolucións de rescisión dos contratos. Esta última circunstancia está a orixinalle, así mesmo, prexuízos notables aos concellos. O proceso de terminación dunha obra que foi rescindida supón para a Administración un custo adicional que supera amplamente a do orzamento de adxudicación, pois vese na obriga de habilitar un novo procedemento de licitación, o que orixina importantes dilacións na posta en servizo dunha obra.

TERCEIRO.- En todo expediente de contido económico conflúen dous tipos de normas: de legalidade substantiva e de legalidade financeira, aplicables ás diferentes actuacións da Administración.

Desde o punto de vista xurídico, establécese que todos os actos deben ser sempre adoptados polo órgano competente. Desde o punto de vista económico, como se recolle no Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), o órgano competente deberá adoptar os actos de autorización, disposición, recoñecemento da obriga e proposta de pagamento no momento oportuno do procedemento.

A execución dos acordos de concesión e o libramento do crédito implica que previamente as actuacións subvencionadas deben estar rematadas na súa totalidade e xustificadas. Na conxuntura actual isto non será posible se os créditos comprometidos na anualidade 2023 non se incorporan ao exercicio orzamentario do 2025 e non se estende, polo tanto, a vixencia.

CUARTO.- O procedemento de concesión das subvencións foi o de concorrencia non competitiva, ao abeiro do recollido nas propias bases reguladoras ao teor do disposto no artigo 22 da LXS.

Nun procedemento de concesión de subvencións por concorrencia non competitiva, as solicitudes non se comparan entre si nin son obxecto de prelación.



En consecuencia, a ampliación dos prazos non afecta á asignación do crédito entre os beneficiarios, non produce indefensión, non prexudica dereitos de terceiras persoas nin vulnera o principio de igualdade recollido no artigo 8 da LXS, posto que todos os concellos da provincia se benefician por igual da prórroga e da cooperación administrativa da Deputación.

QUINTO.- Conforme a base 3ª das reguladoras, o órgano competente para a aprobación das bases foi a Xunta de Goberno da Deputación, polo tanto será o mesmo órgano o competente para a modificación da base 13ª no que á ampliación do prazo de execución e xustificación dos investimentos se refire.

SEXTO.- A experiencia destes últimos anos evidencia o notable incremento na complexidade da xestión destes expedientes, tendo tamén en conta que os beneficiarios das axudas son os concellos de menos de 50.000 habitantes e, polo tanto, aqueles con maiores carencias en materia de xestión e que se atopan con dificultades para cumprir cos prazos.

SÉTIMO.- A pesares de que non todos os concellos presentaron a solicitude de prórroga, estímase convinte facer extensiva a ampliación do prazo a todos os beneficiarios por canto, en maior ou menor medida, mais concellos se viron afectados por idénticas problemática, garantindo así a igualdade de trato e de condicións de execución e xustificación.

Visto todo o anterior, considérase que, ao cumprirse o recollido nos puntos anteriores, debería permitirse a ampliación do prazo de execución dos investimentos subvencionados ata o 31/10/2025 e o de xustificación ata o 31/03/2026 dado que as circunstancias así o aconsellan e non se prexudican os dereitos de terceiros. A vista dos antecedentes e consideracións expostas; con base na documentación relativa ó citado plan que obra no expediente 2023068881, e de acordo cos informes da xefa do Servizo de Cooperación do 18/02/2025 (CSV: WN5RPX26DC0Q9NMW) e da Intervención provincial do 19/02/2025 (CSV: UL956S0L9PE254ZB), e de conformidade artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Prorrogar o prazo de execución dos investimentos incluídos no Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID) ata o 31/10/2025.
- Prorrogar o prazo de xustificación dos investimentos incluídos no Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID) ata o 31/03/2026.
- Ordenar a publicación deste acordo no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

3.34846.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “CONTRATO DERIVADO LOTE 1 DO ACORDO MARCO DE CUNETAS DE SEGURIDADE NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA ANO 2023”. (Expte.2024030726)

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 12 de xullo de 2024 acordou Adxudicar o Contrato derivado Lote 1 do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2023” EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L., por importe de 665.125,49 € IVE incluído, e un prazo de execución de SEIS (6) MESES, a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo.



Con data 07/08/2024 formalizouse entre o contratista e o director de obra, acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 07/02/2025.

Con data 17/01/2025 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX_WEB2025003103), escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo de execución de CATRO (4) MESES, motivada polas seguintes causas:

- Peche por convenio do sector da construción durante o período navideño.
- Inclemencias meteorolóxicas adversas durante 77 días, que impiden a execución do contrato segundo as condicións e calidades impostas no PPT. Xúntase informe meteorolóxico ó efecto.
- Incremento nos prazos de subministro de materiais necesarios para executar a obra.
- Dificultade para atopar man de obra cualificada debido a que escasea, sendo complicado a contratación de novo persoal.

Resultando.- Consta no expediente con CSV: EB87L60MH3T7103H informe da responsable do contrato, que recolle o seguinte: “...esta dirección facultativa considera que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista, entendendo xustificada a concesión da prórroga para a ampliación do prazo de execución da obra no prazo solicitado de CATRO (4) MESES, ata o 7 de xuño de 2025. [...]. Non existen afeccións ao proxecto, a outras condicións de execución nin a o prezo do contrato que impliquen a necesidade da modificación contractual máis alá da ampliación do prazo sinalada....”.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario da Deputación e o Interventor (CSV) 4FTYJAEW7KKFMVE4 no que se recolle que en atención o informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente, autorizando a ampliación do prazo de execución en CATRO (4) MESES, sendo a data de finalización deste contrato o 07/06/2025.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”.

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: “...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”.

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder á empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L., unha ampliación de prazo de CATRO (4) MESES, na execución do contrato de obras “*Contrato derivado Lote 1 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2023*” establecendo coma data para finalizar a obra o día 07/06/2025, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.

4.34847.- ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO RESTRINXIDO, DO ACORDO MARCO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA, ASESORAMENTO, DEFENSA LETRADA E REPRESENTACIÓN E XUÍZO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, E DO CONSORCIO PROVINCIAL PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO, NO EIDO DE RECURSOS HUMANOS, EMPREGO PÚBLICO E PATRIMONIO. (Expte.2024036049)

A Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 27 de setembro de 2024, aprobou o expediente para a adxudicación, mediante procedemento restrinxido, do “*Acordo marco do servizo de asistencia, asesoramento, defensa letrada e representación en xuízo da Deputación de Pontevedra e do Consorcio Provincial para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, no eido de recursos humanos, emprego público e patrimonio*”.

O anuncio de licitación publicouse no *Perfil de Contratación* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 1 de outubro de 2024, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes de participación, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 17 de outubro de 2024, procedeu á apertura dos sobres A, correspondentes á documentación administrativa das empresas candidatas, que resultaron as seguintes: Mardoc Gabinete Jurídico, S.L. (CIF: B05468327), Parada y Cotelo, S.L. (CIF: B70464995), KPMG Abogados, S.L.P. (CIF: B78503778), Pricewaterhousecoopers Tax & Legal, S.L. (CIF: B80909278), J &A Garrigues, S.L.P. (CIF: B81709081) e Ceca Magán Abogados, S.L.P. (CIF: B85313997).

Calificada a documentación, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 14 de novembro de 2024, seleccionou aos candidatos que pasarían á seguinte fase de presentación de proposicións, resultando as seguintes: Pricewaterhousecoopers Tax & Legal, S.L., KPMG Abogados, S.L.P., J &A Garrigues, S.L.P., Parada y Cotelo, S.L. e Ceca Magán Abogados, S.L.P..

A Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 22 de novembro de 2024, acordou invitar a presentar proposicións ás empresas seleccionadas.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 12 de decembro de 2024, procedeu á apertura dos sobres “B”, correspondentes á documentación técnica, e acordou remitir dita documentación ao persoal técnico dos servizos de Contratación, Facenda e Patrimonio e de Recursos Humanos e Formación para a súa valoración.



Recibido informe dos servizos de Contratación e Recursos Humanos, con data 22 de xaneiro de 2025 (CSV: CC7HPSEJ9ZRXI5N1), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 23 de xaneiro de 2025, presta conformidade ás puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que resultaron admitidas.

Unha vez realizado o exame das ofertas presentadas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 6 de febreiro de 2025, , en base ao informe do secretario da mesma (CSV: OUWF9DDJ4QBXT85H), procedeu á clasificar por orde decrecente de puntuación as ofertas, que quedou da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	VALORACIÓN SOBRE B	VALORACIÓN SOBRE C	PUNTUACIÓN TOTAL
1	Pricewaterhousecoopers Tax & Legal, S.L.	23,50	65,00	88,50
2	J & A Garrigues, S.L.P.	24,50	57,36	81,86
3	Ceca Magán Abogados, S.L.P.	18,00	58,09	76,09
4	KPMG Abogados, S.L.P.	21,50	40,74	62,24
5	Parada y Cotelo, S.L.	13,00	44,52	57,52

En base á dita clasificación, propuxo ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación do Acordo marco á empresa Pricewaterhousecoopers Tax & Legal, S.L., polos prezos e valores ofertados.

Mediante Resolución Presidencial número 2025001107, de 13 de febreiro de 2025, o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación, de data 6 de febreiro de 2025 (CSV: 0B0W8X4CZVVDZOK8), e require á empresa Pricewaterhousecoopers Tax & Legal, S.L., que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa Pricewaterhousecoopers Tax & Legal, S.L. presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2025009788, de data 17/02/2025), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 4.173,55 euros (carta de pago núm. operación 12025000022985, do 19/02/2025).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o “Acordo marco do servizo de asistencia, asesoramento, defensa letrada e representación en xuízo da Deputación de Pontevedra e do Consorcio Provincial para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, no eido de recursos humanos, emprego público e patrimonio” á empresa Pricewaterhousecoopers Tax & Legal, S.L. (CIF: B80909278), polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

Prezos unitarios:

- Servizos de asistencia e asesoramento xurídicos en materia de recursos humanos, emprego público e Patrimonio.

DESCRICIÓN DO SERVIZO	Prezo unitario OFERTA sen IVE	IVE (21%)	Prezo unitario OFERTA co IVE
1.1. Informes, consultas e escritos de escasa complexidade	85,00 €	17,85 €	102,85 €
1.2. Informes, consultas e escritos de complexidade media	175,00 €	36,75 €	211,75 €
1.3. Informes, consultas e escritos de especial complexidade	250,00 €	52,50 €	302,50 €

- Servizos de defensa xurídica en procedementos xudiciais.

Tipo de procedementos e actuacións	Prezo unitario OFERTA sen IVE	IVE (21%)	Prezo unitario OFERTA co IVE
Tipo 1.Complexidade baixa	1.100,00 €	231,00 €	1.331,00 €
Tipo 2.Complexidade normal	3.000,00€	630,00 €	3.630,00€
Tipo 3.Complexidade alta	3.100,00€	651,00 €	3.751,00€



3. Recursos e execución de sentenzas:

Tipo de procedementos e actuacións	Prezo unitario OFERTA sen IVE	IVE (21%)	Prezo unitario OFERTA co IVE
Recursos ordinarios no devolutivos (reposición e revisión)	75,00 €	15,75 €	90,75 €
Recursos ordinarios devolutivos (apelación, queixa, suplicación)	400,00 €	84,00 €	484,00 €
Recursos extraordinarios (recurso por infracción procesal, casación, casación para unificación da doutrina, recurso en interese da lei).	300,00 €	63,00 €	363,00 €
Procedementos de execución	300,00 €	63,00 €	363,00 €

Prazo de duración:

Un ano, desde a formalización do acordo marco. Posibilidade de tres prórrogas anuais.

Sen prexuízo da duración indicada, unha vez finalizado o período de execución inicial, ou o de prórroga, no seu caso, as ou os adxudicatarios continuarán a prestación dos servizos encargados, sen dereito a percibir cantidade adicional ningunha polo devandito concepto, ata a obtención da resolución xudicial que ultime os procesos iniciados.

Financiación:

Os servizos que se realicen ao abeiro do Acordo Marco financiaranse con fondos propios dos respectivos órganos de contratación (Deputación de Pontevedra ou Consorcio Provincial para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, no seu caso).

Aplicacións orzamentarias Deputación de Pontevedra:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2025	25/921.9200.226.04	35.500,00 €
2025	25/922.9330.226.04	35.500,00 €

Aplicacións orzamentarias Consorcio Provincial para a prestación do servizo contra incendios e salvamento:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2025	9200.226.04	30.000,00 €

As obrigas económicas para a Deputación de Pontevedra, e para o Consorcio Provincial para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, serán as que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro do Acordo Marco, que se axustarán aos prezos máximos previstos no prego, axustados, no seu caso, á oferta da empresa parte do Acordo Marco. A adxudicación faise en base aos prezos unitarios.

Respecto á Deputación, poderá redistribuírse o importe entre as distintas aplicacións en función das necesidades reais, limitado polas disponibilidades orzamentarias e respectando o importe total do acordo marco.



Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

O servizo de asistencia e asesoramento xurídico facturarase mensualmente polas prestacións efectivamente realizadas.

O servizo de defensa xurídica en procedementos xudiciais facturarase de acordo co tipo de actuacións e procedementos efectivamente asignados, atendendo á complexidade da prestación, segundo os criterios e importes sinalados neste prego e no prego de prescricións técnicas.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura:

As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es) ou do Consorcio Provincial para a prestación do servizo contra incendios e salvamento (consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/info.2), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es> e en <https://consorciocontraincendiosesalvamentodepontevedra.sedelectronica.gal/e-invoice.3>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Servizos prestados no eido de recursos humanos e emprego público:

Administración:	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Núm. de exp.:	2024036049	
Órgano xestor:	LA0006127	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Servizos prestados no eido de Patrimonio:

Administración:	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Núm. de exp.:	2024036049	
Órgano xestor:	LA0006128	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Servizos prestados para o Consorcio Provincial para a prestación do servizo contra incendios e salvamento:

Código de Entidade:	LA0006108 (CIF: P3600036B)
Descrición:	LA0006108

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra ou do Consorcio Provincial para a prestación do servizo contra incendios e salvamento.



Responsables do contrato:

Servizos prestados no eido de recursos humanos e emprego público:	María Jesús Torres Peón, xefa do servizo de Recursos Humanos e Formación.
Servizos prestados no eido de Patrimonio:	Pablo Montero Carrera, xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
Servizos prestados para o Consorcio Provincial para a prestación do servizo contra incendios e salvamento:	Xerencia do Consorcio Provincial para a prestación do servizo contra incendios e salvamento.

2.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

5.34848.- ADXUDICACIÓN, MEDIANTE UN CONTRATO ESPECÍFICO DO SDA 24/2022 DO SISTEMA ESTATAL DE CONTRATACIÓN CENTRALIZADA, DA SUBMINISTRACIÓN DA AMPLIACIÓN DE NODOS PARA O SISTEMA HIPERCONVERXENTE DE SERVIDORES (HIPERFLEX) DA DEPUTACIÓN. (Expte.2024071576)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 24/01/2025, aprobou o expediente para a contratación, mediante un contrato específico do SDA 24/2022 do sistema estatal de contratación centralizada, da “*subministración da ampliación de nodos para o sistema hiperconverxente de servidores (hiperflex) da Deputación de Pontevedra*”, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados dende o seguinte ao do envío das invitacións para a presentación de ofertas, que se produce con data 27/01/2025.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, con data 12/02/2025, procédese á apertura electrónica e calificación dos sobres únicos, correspondentes coa documentación administrativa e coas ofertas avaliadas mediante criterios automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas.

As empresas que presentaron oferta e foron admitidas no procedemento foron as seguintes:

- SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOGIA, S.A. (A33117995)

Os valores ofertados polas empresas admitidas foron os seguintes:



SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOGIA, S.A. (A33117995)

1. Menor prezo ofertado sen IVE:

Prezo ofertado sen IVE	100.843,00 €
IVE (21%)	21.177,03 €
Prezo total ofertado	122.020,03 €

2. Consumo baixo carga máxima: 1,998.2 W.

A continuación, procedeuse á valoración das ofertas presentadas polas empresas admitidas, de conformidade cas fórmulas establecidas no documento de segunda licitación.

Con data 14/02/2025, emítese polo servizo de Contratación o correspondente informe de puntuacións finais, obtendo SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOGIA, S.A. (A33117995) a maior puntuación, sendo polo tanto proposta como adxudicataria do contrato específico.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato específico do SDA 24/2022 de Contratación Centralizada, de “*Subministración da ampliación de nodos para o sistema Hiperconverxente de servidores (Hiperflex) da Deputación de Pontevedra*”, á empresa SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOGIA, S.A. (A33117995), polos seguintes valores ofertados:

- Menor prezo ofertado sen IVE:

Prezo ofertado sen IVE	100.843,00 €
IVE (21%)	21.177,03 €
Prezo total ofertado	122.020,03 €

- Consumo baixo carga máxima: 1,998.2 W.

O prazo de execución do contrato será de 45 días, contados dende a data de formalización do mesmo, a partir do cal comezará a contar o prazo máximo de duración dun (1) ano para o soporte e mantemento. Non se contempla a posibilidade de establecer prórrogas.



Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse dacordo coa seguinte distribución orzamentaria: 81.483,60 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 926.9260.626.01.2024 do vixente orzamento provincial, para o hardware; 36.159,56 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 926.9260.641.00.2024 do vixente orzamento provincial, para o software; e 4.376,87 €, con cargo á aplicación orzamentaria 926.9260.227.23 do vixente orzamento provincial, para o soporte e mantemento.

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para anualidades futuras quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias así como á aprobación dos respectivos orzamentos provinciais.

Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

O pagamento realizarase coa presentación da correspondente factura, previa conformidade polo servizo xestor da correcta recepción das subministracións. Unha vez recepcionado correctamente o hardware e software, comezará a facturarse o servizo de soporte e mantemento a semestre vencido.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P36000000H)		Núm. de exp.:	2024071576	
Órgano xestor:	LA0006132	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Damián Rey Rodríguez, xefe do servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra.



6.34849.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA RADIO PONTEVEDRA, S.A., PARA RESPONDER DO CONTRATO CORRESPONDENTE Á COBERTURA PUBLICITARIA DE TODAS AS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS POLA DEPUTACIÓN PARA A ANUALIDADE 2024. (Expte.2023069185) (DEVOGARAN 2025000679)

Por acordo número 20.33308, adoptado pola Xunta de Goberno Provincial na súa sesión ordinaria, de data 22 de decembro de 2023 (CSV.- 7H7YN2FXUL3IZULN), adoptouse, entre outros asuntos, adxudicar, mediante procedemento negociado, sen publicidade e exclusividade os “*Servizo de cobertura publicitaria con Radio Pontevedra, S.A. (A36005346), de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra, para a anualidade 2024*”. (Núm. Exp. 2023069185).

Para responder da realización deste contrato, a entidade mercantil Radio Pontevedra, S.A., constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación de contrato (IVE excluído), que foi a seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
RADIO PONTEVEDRA, S.A. (A-36.005.346)	5.578,51€	202300266388	15/12/2023

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Comunicación Institucional (CSV.- JUCSWQJ2QP2BJ31W), no cal sinala que “(...) *a empresa adxudicataria RADIO PONTEVEDRA, S.A. (A-36.005.346), cumpriu satisfactoriamente o obxecto do contrato sen resultar responsabilidades contra dita empresa, polo que solicito se devolva a fianza depositada por importe de 5.578,51 euros (...)*”.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de cobertura publicitaria con Radio Pontevedra, S.A. (A36005346), de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra, para a anualidade 2024*” (Expte. 2023069185), sen que existan obrigas pendentes.

SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil RADIO PONTEVEDRA, S.A. (A-36.005.346), por resultar adxudicataria de dito contrato, que foi a seguinte:

- o A constituída en metálico, por importe de cinco mil cincocentos setenta e oito euros con cincuenta e un céntimos (5.578,51 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 15/12/2023, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202300266388.



7.34850.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA LÉREZ EDICIONES, S.L.U., PARA RESPONDER DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO SERVIZO PUBLICITARIO, PARA COBERTURA DE TODAS AS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS POLA DEPUTACIÓN PARA A ANUALIDADE 2024. (Expte.2023069201) (DEVOGARAN 2025000680)

Por acordo número 19.33307, adoptado pola Xunta de Goberno Provincial na súa sesión ordinaria, de data 22 de decembro de 2023 (CSV.- 7WQA60762YFA4CZK), adoptouse, entre outros asuntos, adxudicar, mediante procedemento negociado, sen publicidade e exclusividade os “*Servizo publicitario con LÉREZ EDICIONES S.L.U., para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra, para a anualidade 2024*”. (Núm. Exp. 2023069201).

Para responder da realización deste contrato, a entidade mercantil Lérez Ediciones, S.L.U., constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación de contrato (IVE excluído), que fixo un importe total de 7.024,79€, a través das seguintes cartas de pago:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
LÉREZ EDICIONES, S.L.U. (B-36.003.549)	300,00€	202300264573	12/12/2023
	6.724,79€	202300265779	14/12/2023

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Comunicación Institucional (CSV.- JWUOVZA5STCS7FLZ), no cal sinala que “(...) *a empresa adxudicataria LÉREZ EDICIONES, S.L.U. (B-36.003.549), cumpriu satisfactoriamente o obxecto do contrato sen resultar responsabilidades contra dita empresa, polo que solicito se devolva a fianza depositada por importe de 300,00 euros (...)*”.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Comunicación Institucional (CSV.- EFZTJ2IMJQPN50R7), no cal sinala que “(...) *a empresa adxudicataria LÉREZ EDICIONES, S.L.U. (B-36.003.549), cumpriu satisfactoriamente o obxecto do contrato sen resultar responsabilidades contra dita empresa, polo que solicito se devolva a fianza depositada por importe de 6.724,79 euros (...)*”.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo publicitario con LÉREZ EDICIONES S.L.U., para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra, para a anualidade 2024*” (Expte. 2023069201), sen que existan obrigas pendentes.



SEGUNDO.- Proceder á devolución das garantías definitivas presentadas pola entidade mercantil *LÉREZ EDICIONES, S.L.U.* (B-36.003.549), por resultar adxudicataria de dito contrato, que foron as seguintes:

- o A constituída en metálico, por importe de trescentos euros (300,00 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 12/12/2023, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202300264573.
- o A constituída en metálico, por importe de seis mil setecentos vinte e catro euros con setenta e nove céntimos (6.724,79 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 14/12/2023, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202300265779.

8.34851.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA ENTIDADE MERCANTIL UTE SUBMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA, S.L. (SUTEGA) - NOVAVILA RÍAS BAIXAS, S.L., PARA RESPONDER DO CONTRATO DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE MOBILIARIO E EQUIPAMENTO PARA OS ESTABLECEMENTOS QUE CONFORMAN O PROXECTO “POUSADAS DO SALNÉS”, DA DEPUTACIÓN. (Expte.2014005632) (DEVOGARAN 2015045990)

Por acordo número 40.22949, adoptado pola Xunta de Goberno Provincial na súa sesión ordinaria, de data 19 de decembro de 2014 (Rex. Núm.- 2015000495, de data 14/01/2015), adoptouse, entre outros asuntos, adxudicar, mediante procedemento aberto o “Subministro de equipamento e mobiliario para os establecementos que conforman o proxecto “POUSADAS DO SALNÉS” da Deputación de Pontevedra”. (Núm. Exp. 2014005632).

Para responder da realización deste contrato, a entidade mercantil UTE SUBMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA, S.L. – NOVAVILA RÍAS BAIXAS, S.L., constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación de contrato (IVE excluído), que fixo un importe total de 58.344,60€, a través das seguintes cartas de pago:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA, S.L. (B-15.213.911)	29.755,75€	201400170404	15/12/2014
NOVAVILA RÍAS BAIXAS, S.L. (CIF.- B-36.447.670)	28.588,85€	201400170401	15/12/2014

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Contratación (CSV.- IO0N5N405FAGIAK4), no cal sinala que finalizado o contrato referido e transcorrido o prazo legalmente establecido da garantía esixida, (...) o que procede é a devolución da mesma a fin de evitar futuras reclamacións, por parte do adxudicatario (...).



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobado a liquidación do contrato relativo a “*Subministro de equipamento e mobiliario para os establecementos que conforman o proxecto “POUSADAS DO SALNÉS” da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2014005632), sen que existan obrigas pendentes.

SEGUNDO.- Proceder á devolución das garantías definitivas presentadas pola entidade mercantil UTE SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA, S.L. (B-15.213.911) – NOVAVILA RÍAS BAIXAS, S.L. (B-36.447.670), por resultar adxudicataria de dito contrato, que foron as seguintes:

- o A constituída, mediante aval da entidade *BBVA*, por importe de vinte e nove mil setecentos cincuenta e cinco euros con setenta e cinco céntimos (29.755,75 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 15/12/2014, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201400170404.

(*Subministrados Técnicos de Galicia, S.L.*)

- o A constituída, mediante aval emitido pola entidade *BANCO PASTOR*, por importe de vinte e oito mil cincocentos oitenta e oito euros con oitenta e cinco céntimos (28.588,85 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 15/12/2014, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201400170401.

(*Novavila Rías Baixas, S.L.*)

9.34852.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BAIONA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2025 (LIÑA 3). (Expte.2025007992)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 27/12/2024, punto núm.3.8316 aprobou as “*Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025*”. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 2/01/2025.
- 2) Mediante Resolución Presidencial núm. 2025000147 de 13/01/2025, con CSV: TQYCZWSDITF8WPKY, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.



- 3) De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2025) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 4) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2025), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DE BAIONA					
Data de presentación:			19/02/2025 (registro WEB2025010434)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
13	4 peóns de obras públicas en xornada de 35 h./sem. durante 8 meses; 3 peóns de obras públicas en xornada de 35 h./sem. durante 7 meses; 4 operarios/as de limpeza viaria e recollida de lixo en xornada de 35 h./sem. durante 6,5 meses; 1 conserxe e 1 condutor/a de camión en xornada de 35 h./sem durante 6 meses	207.394,34 €	207.394,34 €	7.808,00 €	199.586,34 €

- 5) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2025/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2025), existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE BAIONA	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	199.586,34 €

- 6) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe da subvención segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas bases do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025 aprobadas en sesión plenaria do 27/12/2024, punto núm. 3.8316, e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2025.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes.



Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na citada base e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2025 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2025, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2025 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2025/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Vila de Cruces (P3605900D)	11	1 operario/a condutor/a, 1 operario/a para manexo de diversa maquinaria e 1 conserxe de edificios municipais a xornada completa durante 9 meses; 1 operario/a albanel a xornada completa durante 7 meses; 3 peóns de obras, forestais ou xardineiros, 1 operario/a condutor/a e 3 operarios albaneis a xornada completa durante 6 meses	147.761,48 €



Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: 5MV5CSU5MUAI4K2C) e do informe de Intervención (CSV: 7W397D4TZA6NM3NM), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello de Vila de Cruces* (CIF P3605900D) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrência non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2025 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2025/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Vila de Cruces (P3605900D)	11	1 operario/a condutor/a, 1 operario/a para manexo de diversa maquinaria e 1 conserxe de edificios municipais a xornada completa durante 9 meses; 1 operario/a albanel a xornada completa durante 7 meses; 3 peóns de obras, forestais ou xardineiros, 1 operario/a condutor/a e 3 operarios albaneis a xornada completa durante 6 meses	147.761,48 €

Esta subvención concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Cuadraxésima Primeira.



- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2025 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2025, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.
- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coas bases Cuadraxésimo Terceira e Cuadraxésimo Cuarta, admitirase a modificación do acordo ou da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2025. A modificación poderá supoñer unha variación económica á alza e o incremento financiarase con fondos propios do concello. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
 - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instructor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2025 como máximo, cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Sexta das reguladoras do Plan +Provincia 2025.



- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. DARLLE TRASLADO do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

23.34866.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2025 (LIÑA 3).
(Expte.2025007445)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 27/12/2024, punto núm.3.8316 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025”. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 2/01/2025.
- 2) Mediante Resolución Presidencial núm. 2025000147 de 13/01/2025, con CSV: TQYCZWSDITF8WPKY, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 3) De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2025) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 4) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2025), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA					
Data de presentación:		14/02/2025 (registro WEB2025009484)			
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
4	1 chofer tractorista, 1 limpador/a e 1 mantedor/a de instalacións deportivas a xornada completa durante 9 meses e 1 guía de turismo a xornada completa durante 6 meses	73.811,37 €	73.811,37 €	2.001,25 €	71.810,12 €



- 5) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2025/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2025), existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA	
LIÑA 3: importe máximo asignado a esta liña	167.622,77 €
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña tras compensación de débedas (Resolución Presidencial 2025000235 do 16/01/2025)	126.193,57 €

- 6) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe da subvención segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas bases do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025 aprobadas en sesión plenaria do 27/12/2024, punto núm. 3.8316, e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2025.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDPEPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrncia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.



II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.



CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes.

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na citada base e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2025 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2025, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2025 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2025/942.9425.462.03.



ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Vilanova de Arousa (P3606100J)	4	1 chofer tractorista, 1 limpador/a e 1 mantedor/a de instalacións deportivas a xornada completa durante 9 meses e 1 guía de turismo a xornada completa durante 6 meses	71.810,12 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: B9X8UBOZJTB3ZF7I) e do informe de Intervención (CSV: 9KJ2UAIUJETM8ZR6), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello de Vilanova de Arousa* (CIF P3606100J) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2025 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2025/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Vilanova de Arousa (P3606100J)	4	1 chofer tractorista, 1 limpador/a e 1 mantedor/a de instalacións deportivas a xornada completa durante 9 meses e 1 guía de turismo a xornada completa durante 6 meses	71.810,12 €



Esta subvención concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Cuadraxésima Primeira.
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2025 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2025, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.
- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coas bases Cuadraxésimo Terceira e Cuadraxésimo Cuarta, admitirase a modificación do acordo ou da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2025. A modificación poderá supoñer unha variación económica á alza e o incremento financiarase con fondos propios do concello. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobranse á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
 - O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
 - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instructor e a Intervención Provincial.



- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2025 como máximo, cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Sexta das reguladoras do Plan +Provincia 2025.
- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. DARLLE TRASLADO do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

24.34867.- RECTIFICACIÓN DO ERRO PADECIDO NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 27 DE SETEMBRO DE 2024 (Nº 5.34214) POLO QUE SE OUTORGA A CONDICIÓN DE ENTIDADES COLABORADORAS DO PROXECTO “+EMPREGA NOS CONCELLOS” PARA FINANCIAR CONTRATOS FORMATIVOS. (Expte.2024047440)

Visto o erro material padecido no acordo da Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de data 27 de setembro de 2024 (Nº 5.34214) polo que se outorga a condición de entidades colaboradoras do proxecto “+EMPREGA NOS CONCELLOS” para financiar contratos formativos procede rectificar o mesmo.

Considerando que as Administracións Públicas poden rectificar en calquera momento, de oficio, os erros materiais, de feito ou aritméticos producidos nos seus actos, de acordo co estipulado no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

En virtude do exposto, en base aos antecedentes e a normativa de pertinente aplicación a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Rectificar o erro padecido no acordo da Xunta de Goberno de data 27 de setembro de 2024 (Nº 5.34214) polo que se outorga a condición de entidades colaboradoras do proxecto “+EMPREGA NOS CONCELLOS” para financiar contratos formativos, no senso que onde di: “(...) 3. *Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria (...). Así mesmo, autorizar o gasto por un importe de 926.000,00 € na aplicación, (...)*” debe dicir “(...) 3. *Autorizar e comprometer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria (...). Así mesmo, autorizar e comprometer o gasto por un importe de 926.000,00 € na aplicación, (...)*”.
2. Publicar o acordo no BOPPO en na web da institución provincial e a súa notificación, no seu caso, ás partes interesadas.



25.34868.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGAS DE MORGADANES Á CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024. (PROGRAMA +AQUA 2024). (Expte.2024014830)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de data 20/02/2025 con CSV YCGB5SN39BIJEY77, e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e visto o informe antedito da Xefa do Servizo de Cooperación antedito, e a dilixencia de conformidade á renuncia da intervención provincial de data 20/02/2024 con CSV SOKVT67HY7GN0MCM, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Dar conta e aceptar a renuncia da “*Comunidade de usuarios de augas de Morgadanes*” con CIF G36794659 á subvención concedida de 10.000,00 € ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA_2024).

A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 10.000,00€ previamente comprometido na aplicación 2025/942.4590.789.07.24.

26.34869.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE EIDOS Á CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (PROGRAMA +AQUA 2024). (Expte.2024014330)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de data 21/02/2025 con CSV KGTFIL243YPFI034, e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e visto o informe da Xefa do Servizo de Cooperación antedito, e a dilixencia de conformidade á renuncia da intervención provincial de data 21/02/2024 con CSV 7R8H8C4K595XJZEP, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Dar conta e aceptar a renuncia da “*Comunidade de usuarios de Eidos*” con CIF G36890465 á subvención concedida de 10.000,00€ ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Programa +AQUA_2024).



A aprobación da renuncia suporá para a comunidade a imposibilidade de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 10.000,00€ previamente comprometido na aplicación 2025/942.4590.789.07.24.

27.34870.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NÚM. 10.34563, DE DATA 24 DE XANEIRO DE 2025, POLO QUE SE OUTORGABA AO CONCELLO DE PONTEAREAS UNHA SUBVENCIÓN CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO INCLUÍDO NO PLAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, “OBRA DE REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA RESIDENCIA DE MAIORES” POR INCREMENTO DA SUBVENCIÓN (Exppte.2025002727)

ANTECEDENTES:

- Con data 24/01/2025, mediante acordo da Xunta de Goberno Provincial núm. 10.34563, concedéuselle ao Concello de Ponteareas, CIF: P3604200J, unha subvención, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, por importe de 171.683,38 euros, co obxecto do financiamento do investimento “OBRA DE REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA RESIDENCIA DE MAIORES” (expdte 2025002727), en base a un orzamento ascendía a 809.513,38 euros. A entidade municipal contaba cunha subvención por importe de 637.830,00 euros outorgada polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana ao abeiro do Programa de Impulso de Rehabilitación de Edificios Públicos (PIREP) que completaba o financiamento da obra.

Deste modo, a petición do Concello de Ponteareas quedaba configurada tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención - Plan + Provincia 2025- €	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2025	809.513,38	171.683,38	637.830,00	0,00

- En data 17/02/2025, o Concello de Ponteareas mediante decreto núm. 2025-0638, de 17/02/2025 solicita a modificación do acordo de concesión, dado que por un erro na solicitude de subvención non se imputaron os custes das asistencias técnicas.

Así, considerando o custe das anteriores, o financiamento do investimento “OBRA DE REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA RESIDENCIA DE MAIORES” (expdte 2025002727), entre as entidades co-financiadoras quedaría tal e como segue:

Anualidade/s	Orzamento obra- €	Subvención -Plan + Provincia 2025-€	Subvención PIREP - €
2025	809.513,38	188.332,53	621.180,85
Anualidade/s	Orzamento asistencias técnicas- €	Subvención -Plan + Provincia 2025-€	Subvención PIREP - €
2025	16.335,00 (Redacción proxecto)	0,00	16.335,00



	10.285,00 (Dirección obra)	9.970,85	314,15
	3.630,00 (Coordinación seguridade e saúde)	3.630,00	0,00

Deste modo, a subvención outorgada polo PIREP, que importa 637.830,00 euros, financia 621.180,85 euros de execución obra e 16.649,15 euros de asistencias técnicas, desagregadas do modo seguinte: 16.335,00 euros de honorarios redacción proxecto e 314,15 euros de asistencia técnica á dirección obra.

A súa vez a subvención da Deputación, que unha vez corrixida ascendería a 201.933,38 euros, financia obra por importe de 188.332,53 euros e 13.600,00 euros de asistencias técnicas (9.970,85 euros de asistencia á dirección obra e 3.630,00 euros de asistencia técnica á coordinación de seguridade e saúde).

Dado que, de acordo co manifestado polo Concello, o PIREP financia o 100% do custe da redacción do proxecto, o gasto total elixible para a Deputación, excluído o anterior, ascende a 823.428,38 euros que se distribúe consonte a seguinte táboa.

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2025-€	Subvención PIREP-€
2025	823.428,38 (809.513,38 execución obra +13.915,00 asistencias técnicas á dirección obra e coordinación seguridade e saúde)	201.933,38 (188.332,53 execución obra+9.970,85 asistencia técnica dirección obra +3.630,00 asistencia técnica coordinación seguridade e saúde)	621.495,00 (621.180,85 execución obra +314,15 asistencia técnica dirección obra)

Deste modo, as subvencións da Deputación e do PIREP financian, respectivamente, o 24,53% e o 75,47% do custe total, excluído o gasto da asistencia técnica á redacción do proxecto.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Base 14ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 referida a compatibilidade das subvencións que dispón que as axudas que se concedan no marco do Plan + Provincia 2025, son compatibles con achegas de particulares e outras subvencións públicas para a mesma finalidade outorgadas por esta Deputación ou por outras administracións públicas, sempre que o importe destas sexa de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non se supere o custo da actividade subvencionada.



Para estes efectos, e en conformidade co disposto no artigo 14.1.d da LXS e no artigo 33 do RLXS, unha das obrigas do beneficiario é comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións que financien as finalidades subvencionadas.

Todas as alteracións das condicións que se tiveron en conta para a concesión e, en todo caso, a concesión concorrente de subvencións por calquera entidade pública ou privada, nacional ou internacional, poderán dar lugar á modificación da subvención outorgada.

REXIME COMPETENCIAL

En virtude do reparto de competencias recollido no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no artigo 63 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento provincial, a competencia para modificar o acordo de concesión por incremento da subvención outorgada correspóndelle á Xunta de Goberno.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 17/01/2025, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 17/02/2025, que conclúe favorablemente a modificación do acordo de subvención por incremento da subvención concedida, e da dilixencia de conformidade da Intervención provincial, de data 21/02/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Incrementar a subvención concedida ao *Concello de Pontearreas*, CIF: P3604200J, en data 24/01/2025 mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 10.34563, co obxecto do financiamento do investimento “*OBRA DE REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DA RESIDENCIA DE MAIORES*” (*exp.*: 2025002727), en 30.250,00 euros, quedando o financiamento da obra de referencia tal e como se expón deseguido:
 - Orzamento total investimento (excluídos os honorarios de redacción do proxecto): 823.428,38 euros (809.513,38 euros orzamento de execución por contrata; 10.285,00 euros de asistencia técnica á dirección de obra e 3.630,00 euros de asistencia técnica á coordinación de seguridade e saúde.
 - Importe da subvención outorgada pola Deputación: 201.933,38 euros.
 - Importe da subvención outorgada polo PIREP (excluídos os honorarios de redacción do proxecto): 621.495,00 euros.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 25/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2025 o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado a 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao concello de Ponteareas, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

28.34871.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS PARA FINANCIAR BENS OU SERVIZOS EN CAMPIONATOS OU EVENTOS DEPORTIVOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2025 (Expte.2025002990)

Antecedentes:

Primeiro.- O Pleno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 27 de decembro de 2024, acordou a aprobación definitiva do orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2025.

Segundo.- En data 20/01/2025 a Vicepresidenta Segunda da inicio o expediente para a tramitación das bases reguladoras para a concesión das subvencións para financiar a compra de bens ou servizos en campionatos ou eventos deportivos realizados na provincia de Pontevedra no ano 2025.

Terceiro.- En data 20/01/2025 o servizo de Deportes emite a memoria xustificativa e solicita informe de fiscalización previa á Intervención do proxecto de bases reguladoras.

Cuarto.- En data 13/02/2025 a Intervención fiscaliza de xeito favorable o expediente de bases reguladoras para a concesión das subvencións para financiar a compra de bens ou servizos en campionatos ou eventos deportivos realizados na provincia de Pontevedra no ano 2025.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 109.1.d).
- Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte.
- Lei 3/2012, do 2 de Abril, do deporte de Galicia.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación.
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.



Segundo.- Dende o punto de vista competencial, de acordo con o establecido na Lei 3/2021, do 2 de abril, do deporte de Galicia, as deputacións teñen a competencia de fomentar, promover e difundir o deporte nos seus territorios. Ademais, a Lei 39/2022, do 30 de decembro, do deporte, reconece o deporte e a actividade física como prácticas esenciais para toda a cidadanía, destacando o papel crave das entidades locais na súa promoción.

O artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determináanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, e, no artigo 118 d), a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento da cultura, da educación e do deporte.

Terceiro.- A norma reguladora establece o procedemento para a concesión de axudas para financiar a compra de bens ou servizos en campionatos ou eventos deportivos realizados na provincia de Pontevedra no ano 2025.

Os campionatos e eventos deportivos serven como vehículo para promocionar o deporte e a imaxe da provincia de Pontevedra, contribuíndo a elevar o nivel competitivo das entidades deportivas e deportistas, e servindo en moitos casos de impulso aos deportistas de base e practicantes do deporte en xeral. Así mesmo, o desenvolvemento destes eventos constitúe un notable recurso económico para a localidade na que se desenvolven pois a presenza de deportistas, árbitros, adestradores e acompañantes xera un importante retorno económico para a zona.

É por iso que a Deputación de Pontevedra veu apoiando á organización de eventos deportivos mediante a entrega de bens e servizos, pero sen contar unha regulación propia.

Deste xeito, a Deputación de Pontevedra con estas bases actualiza o procedemento de vixente ata o de agora co obxectivo de optimizar o apoio á organización de campionatos e eventos deportivos na provincia de Pontevedra seguindo criterios públicos e obxectivos, favorecendo a transparencia na xestión deste tipo de axudas en función do interese social e deportivo das actividades.

Estas axudas estarán dirixidas a financiar a compra de bens entregados aos participantes (como material deportivo, trofeos, medallas, entre outros) e os servizos necesarios para a correcta organización e desenvolvemento dos eventos. Con iso, búscase garantir unha adecuada infraestrutura e recursos para os organizadores, que poderán levar a cabo eventos deportivos de calidade que favorezan a mellora da calidade de vida, a creación de emprego e o crecemento sostible do territorio.

Cuarto.- Partindo dos preceptos competenciais previstos anteriormente e, especialmente dos art. 294 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia (LALGA) e 23 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL); art. 7.3 da LO 2/2012, de 27 de abril, 9 da LXS, 6 da LSG, considerando o carácter preferente do primeiro e as especialidades propias das Entidades Locais, así como do 6 da OXS, o presente expediente debe encadrarse no de concesión de subvencións.



Que as bases reguladoras conteñen as previsións establecidas nos artigos 17.3. e 20.8.a) da LXS.

De acordo co establecido na normativa de subvencións esta convocatoria tramítase na modalidade de concorrência competitiva, mediante a comparación das solicitudes presentadas segundo os criterios de valoración fixados nas bases reguladoras, co fin de establecer unha prelación entre elas.

Quinto.- O art. 127 e ss. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) recollen a potestade da Administración de ditar disposicións de carácter xeral que non poderán vulnerar a Constitución ou as leis nin regular aquelas materias que a Constitución ou os Estatutos de Autonomía recoñecen da competencia das Cortes xerais ou das Asembleas Lexislativas das Comunidades Autónomas.

Así mesmo, o art. 165 e ss. do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), determinan a forma de inicio dos expedientes e a súa tramitación.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, transmitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Sexto.- A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e convocarase con cargo á aplicación 25/340.3410.489.01 do Orzamento da Deputación para o ano 2025 por un importe total de cento vinte mil (120.000,00 €) euros.

Esta cantidade poderase incrementar ata un máximo de 100.000,00 €, en base ás circunstancias previstas no artigo 58.2 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, de subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo e no art. 31 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as “*Bases reguladoras para a concesión das subvencións para financiar bens ou servizos en campionatos ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra no ano 2025*” e que figuran con seguinte CSV: WPM5DB4Y3UBUUSP3.

29.34872.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA E AS FEDERACIONES AUTONÓMICAS E ESPAÑOLAS PARA POSIBILITAR A ORGANIZACIÓN DE COMPETICIONES OU EVENTOS DEPORTIVOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O AÑO 2025. (Expte.2025002956)

Antecedentes:

Primeiro.- O Pleno da Deputación, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 27 de decembro de 2024, acordou a aprobación definitiva do orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2025.



Segundo.- En data 21/01/2025 a Vicepresidenta Segunda da inicio o expediente para a tramitación das subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as Federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competicións ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2025.

Terceiro.- En data 21/01/2025 o servizo de Deportes emite a memoria xustificativa e solicita informe de fiscalización previa á Intervención do proxecto de bases reguladoras.

Cuarto.- En data 11/02/2025 a Intervención fiscaliza de xeito favorable o expediente de bases de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as Federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competicións ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2025.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 109.1.d).
- Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte.
- Lei 3/2012, do 2 de Abril, do deporte de Galicia.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación.
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Segundo.- Entre as competencias atribuídas pola Lei, 03/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia ás deputacións provinciais, atópanse o fomento, a promoción e a difusión do deporte, así como calquera outra actuación que beneficie o desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Segundo o artigo 29 da Lei do Deporte de Galicia, as administracións deportivas de Galicia, no ámbito das súas competencias, e coa colaboración, no seu caso, doutras entidades e organizacións, públicas ou privadas, facilitarán os medios para a práctica da actividade física que leven a cabos as persoas físicas, individual e colectivamente, co principal obxectivo de mellorar a condición física e/ou a ocupación activa do tempo de ocio.

En relación ao mencionado a Lei do Deporte de Galicia no seu artigo 40.1 indica que as entidades deportivas teñen por obxecto primordial o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel e destinatario e no apartado 2 indica que a Administración deportiva procurará especialmente a promoción e o impulso do deporte que se realice no marco das entidades deportivas consideradas nesta lei.



No ámbito local, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determináanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Terceiro.- A norma reguladora do procedemento define o conxunto de condicións e o proceso que se seguirá para a concesión de subvencións en réxime de concorrència competitiva ós clubs e Federacións autonómicas e españolas que organicen competicións e eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2025.

As axudas estarán destinadas subvencionar os gastos para a organización de competicións ou eventos deportivos que organicen clubs e Federacións autonómicas e españolas na provincia de Pontevedra no ano 2025.

Cuarto.- Partindo dos preceptos competenciais previstos anteriormente e, especialmente dos art. 294 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia (LALGA) e 23 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL); art. 7.3 da LO 2/2012, de 27 de abril, 9 da LXS, 6 da LSG, considerando o carácter preferente do primeiro e as especialidades propias das Entidades Locais, así como do 6 da OXS, o presente expediente debe encadrarse no de concesión de subvencións.

Que as bases reguladoras conteñen as previsións establecidas nos artigos 17.3. e 20.8.a) da LXS.

De acordo co establecido na normativa de subvencións esta convocatoria tramítase na modalidade de concorrència competitiva, mediante a comparación das solicitudes presentadas segundo os criterios de valoración fixados nas bases reguladoras, co fin de establecer unha prelación entre elas.

Quinto.- O art. 127 e ss. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) recollen a potestade da Administración de ditar disposicións de carácter xeral que non poderán vulnerar a Constitución ou as leis nin regular aquelas materias que a Constitución ou os Estatutos de Autonomía recoñecen da competencia das Cortes xerais ou das Asembleas Lexislativas das Comunidades Autónomas.

Así mesmo, o art. 165 e ss. do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), determinan a forma de inicio dos expedientes e a súa tramitación.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, transmitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.



Sexto.- A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e convocarase con cargo á aplicación 25/340.3410.489.04 do Orzamento da Deputación para o ano 2025, por un importe total de cincocentos cincuenta mil (550.000,00) euros, distribuído da seguinte maneira:

Liña 1.....	300.000,00 €
Liña 2.....	250.000,00 €

Esta cantidade poderase incrementar un máximo do 50 % para cada unha das liñas, en base ás circunstancias previstas no artigo 58.2 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, de subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo e no art. 31 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En base ao anteriormente exposto, efectúase a seguinte proposta de acordo a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar as “Bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra e as Federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competicións ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2025” e que figuran con seguinte CSV: RG3VK6Y8N8J4I1VJ.

30.34873.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESEÑO PRODUCCIÓN, TRANSPORTE, MONTAXE, DESMONTAXE, ALMACENAMENTO, MANTEMENTO E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DO STAND QUE REPRESENTARÁ A TURISMO RÍAS BAIXAS DEPUTACIÓN EN FEIRAS DE TURISMO DURANTE O ANO 2025. (Expte.2024066273)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria na sesión do día 13 de decembro de 2024, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do Servizo de deseño, produción, transporte, montaxe e desmontaxe, almacenamento, mantemento e servizos complementarios, do Stand que representará a Turismo Rías Baixas - Deputación de Pontevedra en feiras de turismo durante o ano 2025. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) en data 13/12/2024. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto. Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 9/01/2025, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondente á documentación administrativa, presentado polas empresa licitadoras:

- GRUPO NORTE MCA (B36220135).

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, presentado polas empresas que resultan admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo de Turismo.



Recibido informe da xefa do servizo de Turismo con data 20/01/2025, (CSV: S2QJV8I7NOSG08UO), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 23/01/2025, presta conformidade as puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos da empresa que participan no procedemento aberto e que acada unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados polas empresa GRUPO NORTE MCA (B36220135) se recollen no certificado da Mesa de contratación de data 23/01/2025 (CSV: KG9DT4KBJT1C51B2).

Feitas as valoracións de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas, e de conformidade co informe de valoración que emite a xefa do servizo de Turismo en data 24/01/2025, a puntuación que obtén a empresa GRUPO NORTE MCA no sobre C é de: 8,85 puntos segundo se indica no informe emitido polo Xefe do Servizo de contratación con CSV(2HUCV9ZFFQSWUZHR).

As puntuacións totais do sobre B máis o sobre C son as seguintes:

TOTAL PUNTUACION B <i>(Ata un máx. de 40 puntos)</i>	21,00 puntos
TOTAL PUNTUACION C <i>(Ata un máx. de 60 puntos)</i>	8,85 puntos
TOTAL B+C	29,85 puntos

A Mesa de contratación na súa reunión de data 23/01/2025, aproba a clasificación da oferta presentada e, en base á dita clasificación, propón ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato a favor da empresa GRUPO NORTE MCA. que acada a puntuación de 29,85 puntos.

A continuación o persoal técnico do servizo de Contratación, comproba que a empresa GRUPO NORTE MCA S.L. (B-36220135) atópase inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de inscrición 3678 e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Dito certificado acredita, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira, e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar.

Mediante Resolución Presidencial número 2025000889, de data 4/02/2025, o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa GRUPO NORTE MCA que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación esixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.



A empresa GRUPO NORTE MCA presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (REX_WEB2025009856 > Doc. requirimento de data 17/02/2025) cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 6.192,50 euros (carta de pago núm. Operación 12025000023509).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicárase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato para a prestación do Servizo de deseño, produción, transporte, montaxe e desmontaxe, almacenamento, mantemento e servizos complementarios, do Stand que representará a Turismo Rías Baixas - Deputación de Pontevedra en feiras de turismo durante o ano 2025 á empresa GRUPO NORTE MCA S.L. (B-36220135) polo importe sen IVE de 123.850.00 euros, 21% de IVE 26.008,50€, e importe total IVE engadido 149.858,50€.

O prazo de duración do contrato establécese ata o 31/12/2025 a contar desde a data de formalización do contrato, establecéndose a posibilidade de 3 prórrogas de un ano de duración cada unha.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse de acordo coa seguinte distribución:

Anualidade	Aplicación Orzamentaria	Importe total co IVE
2025	25/433.4320.227.99 ou vinculación xurídica	149.858,50€.

Forma de pagamento: parcial. O presente servizo aboarase en tantos pagos, coma feiras cubre o presente contrato.

Os pagos realizaranse previa presentación, por parte da empresa adxudicataria, dunha memoria de execución dos traballos, fotografías do stand e un informe sobre os resultados da feira, que esixirá a conformidade do responsable do contrato.



O importe a pagar por cada unha das feiras celebradas é o seguinte:

FEIRAS	Porcentaxe	Importe por feira (sen iva)	IVE (21%)	TOTAL POR FEIRA (co iva)
TUREXPO (4 DÍAS)	11,67%	14.453,30	3.035,19	17.488,49 €
MADRID FUSIÓN (3 DÍAS)	14,23%	17.623,86	3.701,00	21.324,86 €
XANTAR (4 DÍAS)	11,67%	14.453,30	3.035,19	17.488,49 €
IBTM -MICE (3 DÍAS)	12,58%	15.580,33	3.271,87	18.852,20 €
FAIRWAY (3 DÍAS)	10,88%	13.474,88	2.829,72	16.304,60 €
FEIRA 6 (3 DÍAS)	12,58%	15.580,33	3.271,87	18.852,20 €
FEIRA 7 (3 DÍAS)	12,58%	15.580,33	3.271,87	18.852,20 €
FEIRA 8 (4 DÍAS)	13,81%	17.103,69	3.591,77	20.695,46 €
Total	100,00%			149.858,50 €

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Núm. de exp.:	2024066273
Órgano xestor:	LA0006122	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable: LA0006135



Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato:. A xefa do servizo de Turismo.

A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

31.34874.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “CONTRATO DERIVADO LOTE 3 DO ACORDO MARCO DE CUNETAS DE SEGURIDADE NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA ANO 2023”.(Expte.2024045125)

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 12 de xullo de 2024 acordou adxudicar o Contrato derivado Lote 3 do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2023” á empresa CONSTRUCCIONES FECHI S.L., por importe de 595.972,96 € IVE incluído, e un prazo de execución de SEIS (6) MESES, a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo.

Con data 09/08/2024 formalizouse entre o contratista e o director de obra, acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 09/02/2025.

Con data 24/01/2025 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX_WEB2025004761), escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo de execución de TRES (3) MESES, motivada polas condicións meteorolóxicas adversas durante a execución do contrato, acreditadas con informes meteorolóxicos, que son incompatibles cos traballos pendentes de executar de estendido de formigón bituminoso e sinalización horizontal.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: RWP89F7V604XUJCS informe da responsable do contrato, que recolle o seguinte: “...esta dirección facultativa considera que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista, entendendo xustificada a concesión da prórroga para a ampliación do prazo de execución da obra no prazo solicitado de TRES (3) MESES, ata o 9 de maio de 2025. [...]. Non existen afeccións ao proxecto, a outras condicións de execución nin a o prezo do contrato que impliquen a necesidade da modificación contractual máis alá da ampliación do prazo sinalada ..”.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario da Deputación e o Interventor (CSV) V4VUN6FMOM3UU64O no que se recolle que en atención o informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente, autorizando a ampliación do prazo de execución en TRES (3), sendo a data de finalización deste contrato o 09/05/2025.



Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”.

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: “...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”.

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder á empresa *CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.*, unha ampliación de prazo de TRES (3) MESES, na execución do contrato de obras “*Contrato derivado Lote 3 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2023*”) establecendo coma data para finalizar a obra o día 06/05/2025, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.

32.34875.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA “ILUMINACIÓN MONUMENTAL E PAISAXÍSTICA E MELLORA DA INSTALACIÓN ELÉCTRICA NA PARCELA DO CASTELO DE SOUTOMAIOR”.(Expte.2022070370)

Resultando.- Que o Castelo de Soutomaior e os seus xardíns reciben un elevado número de visitantes, polo que é preciso que dispoña, entre outras, dunhas instalacións eléctricas e de iluminación acordes ás súas necesidades actuais e en perfecto estado, adecuadas o espazo histórico no que se sitúan, que permitan contemplar, identificar e enaltecer os elementos arquitectónicos, ornamentais e vexetais que existen no interior da parcela e castelo.

Resultando.- Que debido ao estado actual das instalacións eléctricas e de iluminación existentes do castelo como resultado das características construtivas desta edificación, do transcurso do tempo e das demandas xeradas logo da súa posta en valor no ano 2017; resulta necesaria a realización de obras de dotación, reforma, adaptación, mantemento e conservación básicas sobre estas instalacións, de xeito que se poida ofrecer un espazo de calidade para os visitantes deste ben. En consecuencia, as necesidades a satisfacer coas obras proxectadas están relacionadas coa procura de melloras nas condicións de seguridade de utilización, así como, da eficiencia enerxética.

Resultando.- Que na súa consecuencia redactouse polo enxeñeiro técnico industrial Don Antonio García Álvarez o proxecto de obras “Iluminación monumental e paisaxística e mellora da instalación eléctrica na parcela do Castelo de Soutomaior” cun orzamento base de licitación de 2.005.921,47 € IVE Incluído. Este proxecto divídese en dous documentos, o Proxecto técnico ó que se lle asignou o CSV: R3WNYM4B48IRJA6X e o proxecto de intervención con CSV: 13MHD2RLWZJYD0FE.



Resultando.- Que o 12 de abril de 2023 publicouse o Extracto da Orde do 22 de decembro de 2023, pola que se efectúa a convocatoria correspondente á Orde ICT/1363/2024, do 22 de decembro (BOE 09/01/2023), pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o Programa de mellora da competitividade e de dinamización do patrimonio Histórico con uso turístico e apróbase a súa convocatoria para o exercicio 2022, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Resultando.- Que en consecuencia, a Deputación Provincial de Pontevedra, a través do Servizo de Turismo, presenta o proxecto de mellora patrimonial do Castelo de Soutomaior a través da iluminación, a accesibilidade e tecnoloxía de realidade virtual á convocatoria do Programa de Mellora da competitividade e de dinamización do Patrimonio Histórico con uso turístico.

Resultando.- Que o 22 de novembro de 2024, co núm. de rexistro 2024021542, a Secretaría de Estado de Turismo Ministerio de Industria e Turismo notificou a proposta de resolución definitiva de concesión de axudas para o Programa de mellora da competitividade e de dinamización do patrimonio histórico con uso turístico, na que se propón a axuda solicitada á convocatoria á Deputación de Pontevedra. O 23 de decembro de 2024, co número de rexistro 2024023219, a Secretaría de Estado de Turismo Ministerio de Industria e Turismo, notificou a resolución definitiva.

Resultando.- Que a idoneidade desta contratación fundaméntase na: Lei 2/2016, 10 de febreiro, do solo de Galicia, artigo 135, referente aos deberes de uso, conservación e rehabilitación das construcións, edificios e instalacións; - Real decreto 842/2002, de 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico de baixa tensión.

Resultando.- Que en consecuencia do anteriormente recollido recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada da área de Turismo, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Iluminación monumental e paisaxística e mellora da instalación eléctrica na parcela do Castelo de Soutomaior”.

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC por importe de 2.005.921,446 € con cargo á aplicación orzamentaria 25/433.3364.631.01 do vixente orzamento provincial, con número de operación 202500014678, acreditando a existencia de consignación orzamentaria para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que consta no expediente informe de fiscalización do proxecto favorable CSV: 4IF879OQ066T8Z2S.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: HOIUMV96FHWJK59K informe de supervisión favorable do proxecto, emitido pola xefa do Servizo de Arquitectura Dona María del Carmen Gómez Manzano.

Considerando.- Que en virtude do art. 147.1 da LSG, os actos relacionados no art.142 que promovan os órganos das administracións públicas estarán suxeitos ao control municipal mediante a obtención da licenza municipal ou comunicación previa. Conforme o artigo 142.2.b). Consta no expediente con CSV: Y6MB53B2S8YFC723 acordo da Xunta de Goberno do Concello de Soutomaior outorgando licenza para a realización das obras “Iluminación monumental e paisaxística e mellora da instalación eléctrica na parcela do Castelo de Soutomaior”.



Considerando.- Que os terreos nos que se sitúa o Castelo de Soutomaior están clasificados conforme o planeamento en vigor como solo rústico de protección do patrimonio e solo rústico de protección paisaxística. O resto do recinto do castelo está clasificado como solo rústico de protección paisaxística e solo rústico de protección agrícola. Ademais, o Castelo e Fraga de Soutomaior están incluídos no Catálogo do Patrimonio Arquitectónico Protexido do PXOM co código S-6. As parcelas lindeiras, propiedade da Deputación de Pontevedra, están incluídas dentro do contorno de protección deste elemento. De conformidade coa D.T.1.^a d) da LSG, ao solo rústico aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo. Neste caso, solo rústico de especial protección patrimonial, paisaxística e de protección agropecuaria. Cando un terreo polas súas características poida corresponder a varias categorías de solo rústico, aplicaranse os distintos réximes de forma complementaria. (art. 34.4 LSG). Neste senso, e a tenor dos art. 36.2 e 144.4 LSG, e 51.2 e 354 RLSC resulta necesario previa autorización ou informe favorable por parte do órgano que ostente a competencia sectorial correspondente con carácter previo a obtención do título habilitante municipal.

Considerando.- Que consta no expediente con CSV:KJCXPXBF41J9TXVG autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

Considerando.- Que consta no expediente con CSV:2CYE6S7TPZGEJ0EH informe sectorial favorable emitido pola Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: "...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación..."

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1.^a da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Ilmo Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16.^a. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras un valor estimado de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra "Iluminación monumental e paisaxística e mellora da instalación eléctrica na parcela do Castelo de Soutomaior" redactado polo enxeñeiro técnico industrial Don Antonio García Álvarez, cun orzamento base de licitación de 2.005.921,47 € IVE Incluído. Este proxecto divídese en dous documentos, o Proxecto técnico ó que se lle asignou o CSV: R3WNYM4B48IRJA6X e o proxecto de intervención con CSV: 13MHD2RLWZJYD0FE.



33.34876.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN
AO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO AO ABEIRO DO PLAN
+PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2025 (LIÑA 3). (Expte.2025002752)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 27/12/2024, punto núm.3.8316 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025”. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 2/01/2025.
- 2) O importe máximo que o Concello de Salvaterra de Miño pode destinar a liña 3-activación de emprego ascende a 226.014,60 euros.
- 3) Á vista da documentación obrante no expediente de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, mediante acordo da Xunta de Goberno do 24 de xaneiro de 2025, punto núm. 14.34567, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2025/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.
- 4) No caso do Concello de Salvaterra de Miño, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
17	1 bibliotecario/a, 1 técnico/a informador/a de turismo e 1 fontaneiro/a en xornada de 35 h./sem. durante 10 meses; 1 condutor/a a xornada completa durante 9 meses; 2 oficiais albaneis, 1 varredor/a e 3 mozos/as de recollida de lixo en xornada de 35 h./sem. durante 9 meses; 1 condutor/a a xornada completa durante 6 meses; 1 varredor/a, 2 peóns forestais, 1 técnico/a informador/a de turismo en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses; 1 peón de limpeza e 1 cobrador/a a xornada completa durante 4 meses	222.667,97 €	222.667,97 €	0,00 €	222.667,97 €

- 5) O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2025010705, do 20/02/2025, solicita modificar o acordo de concesión da subvención motivado pola necesidade de axustar os costes salariais ao novo salario mínimo interprofesional aprobado para o ano 2025. Así mesmo, solicita minorar a duración dos contratos dos seguintes postos: 1 bibliotecario/a, 1 técnico/a informador/a turística e 1 fontaneiro.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25ª.1ª das bases de execución do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Cuadraxésimo Cuarta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2025.

CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de axustar os custes salarios o novo importe aprobado do salario mínimo interprofesional e minorar a duración dos contratos de varios postos de traballo, o interesado solicita a modificación do acordo de concesión modificando o importe do orzamento e o importe da subvención con respecto á súa petición inicial, conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
17	1 condutor/a a xornada completa durante 9 meses; 2 oficiais albaneís, 1 varredor/a, 3 mozos/as de recollida de lixo, 1 bibliotecario/a e 1 técnico/a informador/a de turismo en xornada de 35 h./sem. durante 9 meses; 1 fontaneiro/a en xornada de 35 h./sem. durante 8 meses; 1 condutor/a a xornada completa durante 6 meses; 1 varredor/a, 2 peóns forestais, 1 técnico/a informador/a de turismo en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses; 1 peón de limpeza e 1 cobrador/a a xornada completa durante 4 meses	225.479,45 €	225.479,45 €	0,00 €	225.479,45 €



A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, **INFOFORMO FAVORABLEMENTE** a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 24 de xaneiro de 2025, punto núm. 14.34567, no referente á subvención concedida ó Concello de Salvaterra de Miño, CIF núm. P3605000C, da maneira que segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Salvaterra de Miño (P3605000C)	17	1 condutor/a a xornada completa durante 9 meses; 2 oficiais albaneis, 1 varredor/a, 3 mozos/as de recollida de lixo, 1 bibliotecario/a e 1 técnico/a informador/a de turismo en xornada de 35 h./sem. durante 9 meses; 1 fontaneiro/a en xornada de 35 h./sem. durante 8 meses; 1 condutor/a a xornada completa durante 6 meses; 1 varredor/a, 2 peóns forestais, 1 técnico/a informador/a de turismo en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses; 1 peón de limpeza e 1 cobrador/a a xornada completa durante 4 meses	225.479,45 €

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16^a.2^a c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.



Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: D3GNQEESQDIHGKMY) e do informe de Intervención (CSV:9FU05WE9020BUDZF) a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 24 de xaneiro de 2025, punto núm. 14.34567, no referente á subvención concedida ó Concello de Salvaterra de Miño, CIF núm. P3605000C, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Salvaterra de Miño (P3605000C)	17	1 condutor/a a xornada completa durante 9 meses; 2 oficiais albaneis, 1 varredor/a, 3 mozos/as de recollida de lixo, 1 bibliotecario/a e 1 técnico/a informador/a de turismo en xornada de 35 h./sem. durante 9 meses; 1 fontaneiro/a en xornada de 35 h./sem. durante 8 meses; 1 condutor/a a xornada completa durante 6 meses; 1 varredor/a, 2 peóns forestais, 1 técnico/a informador/a de turismo en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses; 1 peón de limpeza e 1 cobrador/a a xornada completa durante 4 meses	225.479,45 €

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

34.34877.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

35.34878.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

36.34879.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta e tres minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

